



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 2 DE XUÑO DE 2011**

<u>ALCALDE:</u>	D. Jesús Vázquez Almuiña
<u>CONCELLEIROS:</u>	D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dna.Rosa Ana Marcote Guillén Dna.María Iglesias Fernández Dna. María de los Angeles Silva González Dna.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dna.María Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dna.Emilia Giráldez Ramirez Dna.Laura Míguez Pérez Dna. Teresa Pérez Vieira D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin
<u>NON ASISTIU:</u>	D.Manuel A.González Marcote
<u>SECRETARIA:</u>	Dna.Susana Gallardo Fariña
<u>INTERVENTORA:</u>	Dna.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a dous de xuño de dous mil once, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.

Acta de 5 de maio de 2011.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta. Non habendo intervencións apróbase por unanimidade.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.

3.- APROBACION DEFINITIVA SE PROCEDE DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde cede a palabra a **Sra. Secretaria municipal**, quen establece o seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sométese a aprobación o plan Especial do Conxunto Histórico Artístico, adxudicado á consultora Taula, sendo a arquitecta Mariam Leboreiro. Aprobouse inicialmente en 2008. Posteriormente o 17 de Xulio de 2009 aprobouse provisionalmente. Someteuse a unha segunda exposición o público pola inclusión dos elementos exteriores. Someteuse a unha segunda aprobación provisional o 14 de febreiro de 2011. Remitiuse a Consellería de Patrimonio, ten todos os informes sectoriais. Destacar o informe de portos de Galicia que no seu momento foi negativo pero posteriormente enviouse a corrección coa resposta pero no emitiron informe polo que se entende estimado positivamente por silencio. Patrimonio emitiu informe favorable con determinadas observacións que foron corrixidas nun texto refundido que é o que se somete a aprobación. O documento de aprobación provisional aprobado en data 14 de febreiro obtivo o informe favorable da consellería de urbanismo do artigo 86.1.d da lei 9/2002 sempre que se corrixa co documento complementario ó texto refundido que é o que somete á aprobación.

O **Sr. Alcalde** cede a palabra á **Sra. Ana Simóns**, que procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA:

Hoy es un día muy importante para baiona y los baioneses, ya que marca un antes y un después en la tramitación de los expedientes de las edificaciones incluidas en el bic.

Se dispondrá del instrumento necesario para agilizar la concesión de licencias dentro del casco histórico y los elementos exteriores.

La aprobación del pepchab (plan especial del conjunto histórico artístico) trae consigo la dinamización de la actividad económica y comercial, dando seguridad para invertir y construir, contribuyendo a poner en valor la singularidad y belleza de nuestro conjunto histórico.

Además con la declaración de ari (área de rehabilitación integral) para nuestro municipio se mejorará el futuro de nuestros vecinos y sus inmuebles con la obtención de subvenciones que posibilitarán la recuperación de edificaciones, algunas de ellas en estado ruinoso, lo que conllevará a la mejora de la imagen de baiona, mejorando también las condiciones de habitabilidad.

Con estas ayudas se facilita la rehabilitación de sus viviendas y con ello su vida cotidiana.

Este documentó contó con el apoyo mayoritario de los grupos políticos, a través de la comisión de seguimiento, por ello muchas gracias;

Por la abstención del BNG,

Pero sobretudo al partido socialista por votar a favor en todas las comisiones, apoyando las necesidades de los vecinos; muchas gracias de nuevo.

El agradecimiento, por supuesto, al equipo redactor, con Marian Leboreiro a la cabeza, por su trabajo, dedicación, esfuerzo y tesón.

A los trabajadores del ayuntamiento, y especialmente a los de oficinas generales y por supuesto a los de la oficina de urbanismo, que con su esfuerzo y compromiso han contribuido a que los vecinos pudieran tener información detallada del documento en las exposiciones publicas, incrementando las mismas y los periodos mas allá de los previstos por ley.

El apoyo institucional de la Xunta de Galicia, y en concreto a la Conselleria de Cultura y Turismo y la Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a la hora de obtener los informes sectoriales necesarios para la aprobación definitiva.

A Manolo Vilar, mi total gratitud, por sus aportaciones y valoraciones al documento, enriqueciéndolo con sus ideas.

Además hay que tener en cuenta que ya se había iniciado en su diasiendo Alcalde. Así que Manolo, enhorabuena, has conseguido en tus veinticinco años en política, entre otras cosas, aprobar el plan general vigente y el plan especial del conjunto histórico.

Agradecimiento también, a los vecinos que con sus aportaciones han mejorado y enriquecido el documento y al resto de personas que forman el Pleno, secretaria, interventora, compañeros y amigos del equipo de gobierno. Gracias.

Llegar hasta aquí, tras un largo y tortuoso recorrido, como no puede ser de otra manera, es fruto de la perseverancia y compromiso de nuestro alcalde.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Por todo ello, pido el voto a favor de todos los grupos políticos que conforman el pleno porque humildemente pienso, que tras un largo camino y mucho esfuerzo, así lo requiere un documento de esta categoría y lo que trae consigo su aprobación para los baioneses.
Muchas gracias

SR. LORES, PSOE.- Antes de comezar o pleno felicitar o Partido Popular pola maioría que acadou nas últimas eleccións municipais e desexarlles que teñan un bo mandato.
Felicitar tamén o BNG que aínda que aumentou no número de apoios cidadáns o apoio non foi suficiente para ter unha maior presenza no pleno.
Recoñecer por parte do partido socialista a nosa derrota incuestionable xa que fomos o único partido que baixamos tanto en apoios cidadáns como en concelleiros polo tanto tamén a nosa autocrítica.

Xa entrando en materia de pleno, eu coincido coa concelleira de Urbanismo en que hoxe é un gran día non para o Partido Popular, non para o PSOE nin sequera para o equipo de goberno, é un gran día para os veciños e veciñas de baiona que dispoñen a partir de hoxe dun instrumento que nos vai a garantir o correcto desenvolvemento do noso casco, a xoia que temos en Baiona. A partir de agora o desenvolvemento deste casco vai a estar garantido por unha Comisión na que van a estar representada a corporación, proporcionalmente, e os técnicos que vai facer posible que o desenrolo do casco evolucione de acordo ás necesidades dos tempos. Eso vai impedir o que se deu ata agora de que os veciños, o non ter un instrumento que regule, que dirixa, íamos facendo as cousas de aquela maneira e o deterioro do casco ía en aumento. De aquí para adiante, haberá unha homoxeneidade nos peches das ventás, non van a ser uns de aluminio, de madeira; os muros de patrimonio vanse a conservar todos, e todas as fincas van a ter o que teñen que ter, non edificacións anexas nin cousas polo estilo. Creo que a legalidade a partir de agora vai a ser moito mais fácil de controlar e as normas que saian de esta Comisión vai ser lexitimas e vai a garantir un perfecto desenvolvemento do casco e vai a posibilitar que dunha vez por todas o casco sexa habitable, porque se seguimos como estamos podemos chegar o perigo de que todo se converta nun espazo marxinal e non nun espazo habitable. Polo tanto creo que este é un bo momento para Baiona.

Dicir tamén que este traballo que hoxe remata, e que eu agradezo o xesto do Alcalde e do Partido Popular que se trouxera a un pleno, case fora do noso mandato porque fomos os que durante catro anos estivemos aquí dando o caio, para ben ou para mal, e o fixemos o mellor que supemos e que dadas as circunstancias das pasadas eleccións municipais o partido popular non necesitaba traer este pleno nestes momentos pero é un xesto político que agradecemos, para que podamos dar a nosa opinión final do traballo os que participamos en el, e podamos dar o noso voto. Polo tanto o agradecemento a este xesto do Partido Popular.

Dicir que foi un traballo por parte de todo os grupos políticos, dos técnicos e dos veciños que traballaron de unha forma activa neste proceso. Houbo dúas exposicións públicas e todos aqueles veciños que tiveron algo que dicir fixérono por escrito e foron atendidos por parte dos servizos técnicos do concello e tamén o foron as súas propostas e as súas alegacións foron estudiadas por cada un dos compoñentes da comisión do PEPCHAB. Eu creo que os veciños estiveron perfectamente atendidos o que da unha maior lexitimidade a todo este traballo. Foi por parte da corporación transparente en cada unha das reunións e incluso algunha reunión pública fíxose no auditorio e expúxose todo aquilo que se estaba a traballar e admitíronse todas as suxerencias. Todos os grupos tivemos acceso a toda a documentación polo tanto todo o que fixemos o puidemos facer mellor e responsabilidade de todos. Eu creo que fixemos o que mellor puidemos facer e ahí está diante de todos.

Pouco máis que dicir que este era un documento que se fixo moito de esperar, desde o 93 que se declarou o casco de Baiona de interés histórico e a partir de ahí faltaba por completar con este documento que regule e desenvolva toda esta riqueza que temos, fíxose moito de esperar pero o final aquí se concretou. Creo que é posiblemente mellorable, supoño que as próximas



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

corporacións traballarán en melloralo e ir adaptando, aínda que é moito mellor esto que non ter nada.

Dicir que o partido Socialista reuniuse onte e adotou por unanimidade dos presentes votar a favor co beneplácito e a información da dirección provincial do partido que está informada e comparte a decisión do grupo. E que unha persoa do grupo vai a romper a disciplina de voto e vai a votar en outro sentido e que antes de empezar as votacións pediré a explicación do seu voto. Moitas gracias.

SR.ALCALDE.- Moitas gracias; Sr. Lores por hoxe e por todo, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Gracias Sr. Alcalde. Antes de nada felicitalo polos resultados electorais e moitas grazas o compañeiro polas felicitacións que nos corresponden pero non estou satisfeito. En todo caso quixera dicirlle o Sr. Alcalde que me parece encomiable o xesto que tivo de convocar este Pleno para que se aprobe por parte de toda a Corporación, que traballou máis ou menos no PEPCHAB, pero que no noso grupo existen dúbidas ao respecto e queremos que a legalidade se cumpra escrupulosamente. Nos enviámoslle un mail a Sra. Secretaria que non o contestou, responde a Secretaria na miña bandexa de entrada non entrou nada do seu partido, responde o Sr. Fernández non lle chegou, bueno en todo caso no lo poderá contestar agora. Dicirlle que a lei 5/1997 do 22 de xullo das Ad. Locais de Galicia di no artigo 243 punto 3 : di que a condición de membro dunha corporación local perderase pola extinción do mandato sen prexuízo de que continúe nas súas funcións soamente para a Administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.

Dicirlles que a nos a nosa asesoría xurídica nos di que este Pleno non se deba de celebrar con este punto do Orde do día .

Sr. Alcalde preguntalle a Sr. Fernández ¿ con este punto ou con calquera punto?.

Sr. Fernández.- Eu refírome con puntos de tramitación que non sexan ordinarios. Quero que me aclare a Sra. Secretaria si é unha tramitación legal e ordinaria a aprobación definitiva do PEPCHAB ou non o é para poder continuar.

Sr.Alcalde.- Moitas gracias.

Sra. Secretaria.- Segundo a lei do Réxime electoral Xeral establece que non se poden adoptar acordos de maioría cualificada, neste caso requírese maioría simple e por outro lado o de administración ordinaria e un concepto xurídico indeterminado que o valora a xustiza.

Sr. Alcalde. A Sra. Secretaria indica que este Pleno pode celebrarse, que non se necesita maioría cualificada.

Continua Sr. Fernández, por outro lado, nos manifestamos a nosa postura con referencia a este proxecto a da abstención por cuestións políticas, fixemos alegacións como fixeron todos os veciños do casco vello e se nos recolleron parte delas, aprobáronse, aceptáronse, porque eran alegacións de tipo practicamente técnico. As que non se levaron adiante foron as alegacións de índole político que eran alegacións de carácter moi progresista, que un goberno conservador non estivo disposto a asumir. Por éte motivo nos tiñamos prevista a abstención.

Teño que dicir que o venres pasado a Concelleira de Urbanismo me chamou para dicirme que estaba a miña disposición o proxecto e que podiamos revisalo cando quixeramos. Con hoxe viñen tres veces a velo, un Proxecto con moita documentación, complexo como todos o proxectos urbanísticos e que necesita tempo, polo tanto votamos de menos que se nos dera documentación para trasladala a onde nos puidesemos traballar con ela e sacar as conclusións para o debate. Non obstante facendo os esforzos, posibles, conseguimos a documentación e vista esta documentación creemos que o tempo para resolver non foi de abondo pero ademais aí cuestións que non temos claras, temos un informe de Patrimonio dicindo que emite informe



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

favorable, con puntualizacións que deben de cumprirse di" a Dirección Xeral de Patrimonio emite un informe favorable o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico do Concello de Baiona, aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local en sesión 14.02, condicionado a que se rectificquen as determinacións sinaladas nos apartados anteriores . Son 11 páxinas, pois ben este informe se recibe o 10.05.2011 as 8.34 da mañá . O equipo redactor resulta que emite un informe de corrección e o fai o 16.05.11 e seis días despois emiten informe de correccións. Vostede envía a Dirección Xeral de Urbanismo o día 11.05, copia coas correccións feitas , que lle deron o 16, non o entendo e o día 20.05.11 a Sra. Encarnación Rivas Díaz Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo di que está correcto, explíquemolo, non o entendo.

Sr. Alcalde. Moitas gracias, cede a palabra a

Sr. Vilar. - Bueno, a verdade é que esta sexa a miña última intervención neste Pleno , e como todos fixeron eiqui felicitar ao PP polo extraordinario éxito que tivo nas eleccións, e tamén felicitar o PSOE que tivo un resultado normal, e desexarlle a Antonio Amorin unha presenza furtifera e constructiva na futura Corporación e os que se marchan, marcharemos coa obrigaón do deber cumprido e agradecer a iniciativa do Alcalde de que se aprobe este importantísimo documento neste Pleno . Creemos que eiqui remata un traballo e este era o momento de debátelo e se alguén se sente molesto e o futuro, o futuro e incerto , e creemos que somos os auténticos representantes do pobo ata o día 11 de xuño, os que veñan xa se enfrontaran coa súa labor política.

A longo deste anos fíxose unha gran labor no PEPCHAB e creo que o Sr. Alcalde que fixo unha gran labor , foi o que coordinou todo este tema, destacar tamén a labor dunha persoa que é a Concelleira Ana Simons, foi a clave deste tema , e non nos extraña de que a veces o Sr. Xosé Enrique nos saque informes como que si foi esta fecha que si foi a outra , eso é secundario o importante e que Ana estivo enriba de todo o mundo , da Dirección Xeral de Patrimonio, da Conselleira, da Comisión de Patrimonio e todo eso foi posible.

Ana fixo unhas fichas casa por casa e saber todo , todos sabemos o que hai non Plan especial de Baiona que hai cantidade de irregularidades pero o importante e mirar para diante e por en marcha esa Area de Rehabilitación Integral .

Tamén quero reconocer a importante labor que fixo o BNG cando o Sr. Xosé Euloxio era Delegado de Vivenda nos prometeu esa área de rehabilitación integral e eso é o que ai que poñer en marcha e o gran obxectivo é que se empecen a dar licenzas naqueles solares que están sen edificar e que é o gran reto para a futura Corporación municipal.

O importante e ter un Plan aprobado, que o Concello empece a ter autonomía para dar licenzas e por suposto a futura Corporación debaterá a forma de facelo pero sempre con autonomía, que nos a tiñamos delegada na Comisión de Patrimonio de Pontevedra. Polo tanto hoxe debería ser unha ledicia para todos e me gustaría que se aprobase por unanimidade. Xa haberá tempo para os debates , fíxose con transparencia e os que estamos en política sabemos o difícil que é aprobar un Plan Especial de Protección.

En materia de urbanismo hai dous días fundamentais, un foi cando se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal que está vixente ata agora e o outro vai a ser este coa aprobación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico que vai transformar e rehabilitar o caso vello de Baiona . Agradecer que se trouxera a esta Corporación porque é o momento oportuno, porque se entra outra Corporación a debater esto xa están noutro tema , con outros plantexamentos e creo que nos somos todos os que temos que afrontar este traballo tanto dende o goberno como dende a oposición aínda que creo que eiqui non houbo unha oposición . Había unha Comisión de seguimento no que se planteaban todos os problemas, complexos e que se lle intentou dar unha solución e unha viabilidade futura e polo tanto creo que é unha aprobación de todos e enhoraboa Alcalde , Ana Simóns , Corporación e sobre todo enhoraboa a todos os grupos especialmente neste caso o grupo municipal do Partido Socialista que sometido a presións, inxustas, toma a decisión valente de aprobar eso e por suposto ao BNG que sempre foi moi constructivo . Moitas gracias Sr. Presidente.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sr. Alcalde. - moitas gracias, cede a palabra a

Sra. Simóns. Eu, simplemente, penso que hoxe é o día Sr. Fernández e sobre todo é o día para os veciños de Baiona, e a data de todo o equipo de goberno de Baiona que traballou nun documento fundamental e importantísimo pero sobre todo para os veciños de Baiona.

Agradecerlle ao Sr. Lores, tanto por, as súas palabras como por apoiar o Proxecto que é un proxecto non so de futuro senón como calquera planeamento urbanístico o que se marca hoxe e un punto de inicio que nada indica que non poida ter modificacións como calquera Plan Xeral. E creo que hoxe e o día para a súa aprobación e por eso pido o voto de todos os concelleiros porque hoxe é o día de Baiona. Moitas gracias.

Sr. Alcalde. - Moitas gracias, cede a palabra ao

Sr. Rafael Lores. - Recoñecer o traballo da Concelleira que estivo sempre pendente de que nos chegara a información.

Reiteramos o apoio, dicir que neste traballo houbo algo importante, tratouse de ter en conta as distintas sensibilidades e todos os grupos nos sentimos con liberdade. Fixemos as alegacións que correspondían e no noso caso aprobáronse todas menos unha que se nos explicou que era a reordenación do todo o Conxunto da horta das Dominicás por un problema fundamentalmente de imposibilidade de inversión. Neste proceso como dixo o Sr. Vilar todo o que sexa artellar un Plan Especial de Protección os máis temerosos somos os veciños e neste caso tratouse de dar solución a cada unha das problemáticas individuais, que houbo no casco de Baiona. Enhoraboa a Concellería, a Concellala e aos Técnicos. Vamos a votar a favor.

Sr. Alcalde. - Moitas gracias.- cede a palabra a

Sr. Fernández. Gracias Sr. Alcalde e Sra Simóns efectivamente o documento e importantísimo para os veciños, eso ninguén o dubida. De feito despois de tantos anos e o único positivo que aí. É un documento que apartir de agora teñen en que traballar . Eu creo que os veciños deben ter a seguridade absoluta de que o que se aproba vai ser bo para eles . Nos non vamos acudir ao Xulgado con este tema nin vamos a impugnar o Pleno , vamos a tomar medidas no Parlamento Galego porque creo que o que hai nesta documentación é gravísimo. Non confunda esto que como dicía o Sr. Vilar Vd. , estivera facendo xestións que é a súa obrigaón e eso si que honra , Vd. , fixo o que tiña que facer insistindo os seus compañeiros de partido os organismos da Xunta que axilizaran . Eso non quita que as datas sexan importantes, eiqui danse por feito unhas cuestións antes de que sucedan e quen asina este documento D^a Encarnación Rivas Díaz vai ter que dar explicacións no Parlamento Galego. Con respecto ao ARI que dicía o Sr. Vilar habíase proposto pola nosa parte fai 3 anos e vostede votou en contra Sr. Vilar , todo o equipo de goberno votou en contra . Se estivera aprobado agora mesmo estaría a oficina funcionando e nos daban de prazo 1 ano para aprobar o PEPCHAB

Efectivamente a Comisión de Patrimonio de Pontevedra e lentísima, desespera pero está feito así, a propósito e vostede sabe que é así, Vd., foi membro desa Comisión e sabe que é lenta cun obxectivo correcto co que eu estou de acordo se queren axilida aproben o PEPCHAB e senón sométanse Vd ao tempo que estable a Comisión de Patrimonio.

Polo tanto o documento é importantísimo aprobalo para os veciños, pero con seguridade, porque non vai a pasar o mesmo que pasou co Plan Xeral. Eu creo que non é importante pero o mellor e esperar facer as cousas ben , darlle tempo o tempo a que se estudien todas as recitificacións que se fixeron , que teñamos os Concelleiros nas nosas casas o CD ou os planos para comprobar que está todo correcto que pode ser cuestión de 1 mes e non pasa nada. Polo tanto a nosa proposta Sr. Alcalde é que quede enriba da mesa que se traga dentro de 1 mes ou 2 meses, que se comprobe que todo está correcto. Nada mais, moitas gracias.

Sr. Alcalde. - Moitas gracias. Cede a palabra a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sr. Vilar. A verdade é que o debate con Xosé Enrique non deixa de ser imprescindible. El me fala de que nos estivemos en contra do ARI , pero claro, como se iba aprobar un ARI en Baiona sen ter o Plan Especial aprobado. Non tería ningún sentido porque non se podía rehabilitar absolutamente nada, agora unha vez que se aprobe terá sentido o ARI , pero ata agora non . Probablemente , ao mellor habería que aprobalo no mes de abril ou de marzo, pero por razóns burocráticas se foi retrasando , houbo unhas eleccións e por eso se foi retrasando o tema que é moi distinto porque da a impresión de que nos, agora, queremos aprobalo con calzador cando é todo o contrario. Son dúas cousas moi distintas a versión que nos da Xosé Enrique e a realidade , polo tanto dende o noso punto de vista creemos que estamos en tempo e forma de aprobalo e xa vamos con retraso porque xa deberíamos de aprobalo fai uns meses .

Por outro lado hai inseguridade xurídica pero para eso están os Tribunais e como o BNG non vai a ir aos Tribunales non vai haber ningún problema . Por elo nos pedimos Sr. Alcalde que se aprobe que o estamos pedindo toda a Corporación e me gustaría que Xose Enrique votase a favor porque se aceptaron a maioría das alegación do BNG. Moitas grazas Sr. Presidente.

Sr. Alcalde. Moitas Grazia.

Case e mellor que a Sra Teresa Pérez explique o voto e despois pecha Ana Simóns. Cede a palabra a

Sra Teresa Pérez. Ben, grazas Sr. Presidente . Eu penso que a pesar de que Manolo Vilar dixo que non se está facendo de presa e despois xa do tempo que se leva, pois tampouco se entende porque agora unha Corporación que estamos en funcións que moitos deles xa non vamos estar na seguinte, pois tiñamos que aprobar o Plan Especial. Pero non é so ese o motivo polo o que o meu voto vai a ser negativo . Despois de todos estes anos, agora, por fin ven o Plan Especial para a súa aprobación. Eu creo que é un documento que ten que ofrecer todas as garantías xurídicas a todos e a cada un dos propietarios do casco histórico. E a vista do informe do Director Xeral de Patrimonio no que se informa favorablemente o Plan Especial, condicionando a que se rectifiquen algunhas determinacións sinaladas en algúns apartados. Estas determinacións afectan a 300 inmobles en cuxas fichas hai que determinar cousas tan básicas como a altura máxima, tipo de cuberta, volume de ocupación..etc. Aproximadamente dos 500 inmobles que ten o casco 300 quedan nunha situación na que non se determinan as obras que poidan realizarse, non se marcan os dereitos adecuadamente, dependerá na vontade reflexada nunha Comisión de Seguimento de forma que a súa situación respecto da actual varia en que en vez de ser Pontevedra que emita o informe será unha Comisión en Baiona. Eu como representante dos veciños, quero para eles os mesmos dereitos. Polo tanto eu como Xosé Enrique penso que debe quedar sobre a mesa, modificar a ficha dos 300 inmobles, para que cada un dos veciños sepa exactamente a que aterse cando pide unha licenza . Por este motivo o meu voto vai a ser negativo.

Sr. Alcalde. ¿ que pide? Que se deixe sobre a mesa.

Sra. Teresa Pérez. Non, non , haber que se deixe sobre a mesa non, que non se aprobe hoxe o PEPCHAB.

Sr. Alcalde cede a palabra a Sra Simóns.

Sra. Simóns . Aclarar que hai confusións, agora de entender este documento . Porque hai un informe de Patrimonio que emite unha serie de observacións e esas son vistas polo equipo redactor e o que fai e un texto refundido. Ese texto refundido e o que se envía a Urbanismo e Urbanismo emite un informe do texto refundido non do expediente que se enviou a Patrimonio e este e un tema que se está vendo con toda a claridade e transparencia que ten que ter un documento como este . Aclarar que o que se manda a urbanismo é o texto refundido no que xa están incluídas todas as observacións que sinalaba o informe de Patrimonio e Urbanismo o que



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

fai e ratificar e observar que se cumpre todo eso, ademais dos parámetros que ten que ver a propia Consellería. Moitas gracias.

Sr. Alcalde pregunta a Sr. Fernández.- todavía Vd., non fixo valoración de voto. A Sra. Teresa Pérez si o fixo, ¿valorou Vd. , o voto?

Sr. Fernández. - Si, nos dixemos que nos abstiñamos en principio por dous motivos , por non haber incluído a aceptación das alegacións que habiamos presentado de carácter político, si as de carácter técnico e ese o motivo, para nos de abstención , pero moito máis despois había cuestións eiquí que non se aclaraban. Acaba de dicir agora a Concelleira que efectivamente o texto refundido se enviou a Urbanismo, cuestión que non entendo como ese texto refundido non deber de pasar por Patrimonio outra vez . Debera de ser Patrimonio quen comprobase que eso estaba corrixido e eso non o entendo e sigo dicindo que o texto refundido foi feito o día 16 pero vostedes mandáronllo o día 11 . No me cadran as contas.

Sr. Alcalde. Eu vou a dicir unhas palabras . A min me quedan moitas cousas claras de verdade . Creo que é un gran día para Baiona porque se aproba un planeamento que debería de estar, fai moitos anos aprobado pero desgraciadamente por diferentes problemas non puido ser. Por elo teño que agradecerlle a esta Corporación saliente o traballo realizado, a implicación que houbo. O equipo redactor, efectivamente, está contratado para esto , especialmente como dicía Sr. Vilar a Sra. Ana Simons porque ela é a directora de todos o esforzo, a todo o equipo de urbanismo, ao equipo técnico de secretaría que levou a tramitación de forma exquisita e tamén a Corporación.

E certo que dende fai 1 ano o BNG se abstuvo nas Comisións de Seguimento, pero si podo dicir que incluso o luns pasado dixu que non ían a poiar o documento pero que non estaban en contra. E toda a información que pediu nestes 4 anos se lle pasou . Onte incluso estivo con técnicos de urbanismo falando, por certo Vd. , ten a manía persecutoria de que o vixían e non é así . Desgraciadamente o único que teño que dicir é que facía moito tempo que o que en política non se daban se deron nestas 24 h. , por eso algún Concelleiro ten un voto de medo, de moitas cousas. E é triste pois aquí estamos para defender os veciños e que se os amenace co noso Patrimonio... e moi duro . Por eso neste período teño que agradecer a Corporación e especialmente ao Sr. Rafael Lores como portavoz do grupo PSOE e o grupo PSOE que estiveron traballando de verdade .

Nestes momentos teño que agradecer a valentía de Sr. Rafael Lores, como portavoz do grupo PSOE , que vai estar con este documento porque traballou e é consecuente coa decisión que agora se vai a tomar. Gustárame neste día darlle agradecementos a todo o mundo pero non o podo facer. Vamos aprobalo porque confiamos na xente que está implicada. Poderá mellorarse, efectivamente hai moitos Plans Xerais que teñen moitas modificacións puntuais e eso non significa que fose malo o documento, senón que os políticos que siguen colaborando, melloran os documentos establecidos. Gracias a todos, gracias polo traballo.

Procedemos a votación:

Votos que o documento quede sobre a mesa a petición do BNG;

- a favor: 3 votos (2 BNG máis a concelleira Dna. Teresa Pérez Vieira)
- en contra: 13 votos (8PP, 1CMÑ, 4 PSOE)

Acto seguido **sométese a votación a proposta de aprobación definitiva do Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico do Concello de Baiona** , segundo o Texto Refundido e planos corrixidos , redactado por D^a M^a Asunción Leboreiro Amaro:

- a favor: 13 votos (8PP, 1CMÑ e 4 PSOE)
- abstencións: 2 BNG
- en contra: a concelleira Dna. Teresa Pérez Vieira.

E por isto polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Primeiro.- Aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DO CONCELLO DE BAIONA segundo Texto Refundido e planos corrixidos 11.1, 11.2 e 11.4 e ficha M-21 P-24 redactado por María Asunción Leboreiro Amaro.

Segundo.- Proceder a publicación do anuncio de aprobación definitiva no DOG e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no BOP de Pontevedra.

Terceiro.- Remitir a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructura dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente ós efectos do artigo 92 da LOUG e unha copia autenticada á Consellería de Cultura e Turismo.

4.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Non se presentan.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

SR.FERNANDEZ, BNG.- Rogaríamos que adoptara as medidas oportunas para o control e distribución da auga polo consumo, xa que estamos no 40%.

SR.ALCALDE.- Estamos aplicando medidas e temos todos os mecanismos activados. Moitas grazas a todos.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria, CERTIFICO.

REVISION FEITA NA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DIA 8.XUÑO.11

Revisada por parte da Secretaría Municipal a intervención do Sr.Alcalde, nas páx.8 e 9 da acta do 2 de xuño de 2011, resulta a seguinte corrección:

"Sr. Alcalde. Eu vou a dicir unhas palabras. A min me quedan moitas cousas claras hoxe, de verdade.

Creo que é un gran día para Baiona porque se aproba un planeamento que debería estar fai moitos anos aprobado, pero desgraciadamente por diferentes problemas non puido ser; por iso neste momento teño que agradecerlle a esta Corporación saliente o traballo realizado, a implicación que houbo; dende o equipo redactor, que efectivamente está contratado para iso; especialmente, como dicía Manolo Vilar, á Ana Simons, porque ela é a directora, por todo o esforzo; a todo o equipo de Urbanismo; tamén ó equipo técnico de Secretaría, que levou a tramitación de forma exquisita; e como dicía antes, tamén a Corporación.

Ben é certo que dende fai 1 ano o BNG se abstivo nas Comisións de Seguimento, pero si podo dicir que incluso o luns pasado dixeran que non ían a apoiar o documento, pero que non estaban en contra del. Dicir que toda a información que pediu nestes 4 anos se lle pasou; onte incluso estivo cos técnicos de urbanismo falando, por certo que estaba preocupado porque dicía que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

parece que eu teño manía persecutoria, que o vixían, e non é así; desgraciadamente o único que teño que dicir é que sinto que prácticas matonís, que facía moito tempo que en política local non se daban, se deron nestas 24 horas; por iso creo que algún concelleiro ten un voto vicario, un voto de medo, un voto de moitas cousas. Iso é triste; é triste porque aquí estamos para defender os veciños, e que se os amenace co noso Patrimonio, con A Lama, e con outras cousas, é moi duro. Nós somos maiorciños, somos maduros; a algún veciño de Sabarís se lle chegou a dicir “ten coidado que vai haber moita chuvia esta noite e vai a inundarse outra vez a túa casa”; estamos volvendo a tempos pasados; eu creo que a Palma xa pasou, e tamén moitas outras cousas; e agora estamos construíndo unha nova Baiona; por iso neste momento teño que agradecer á Corporación, pero especialmente a Rafael Lores como portavoz do grupo socialista, e ó grupo socialista, que estiveran traballando de verdade.

Hai un chiste inglés (e perdoar a utilización dos animais, non vai con segundas) que dicía que para facer uns ovos fritos con beicon teñen que utilizarse dous animais: a galiña que pon o ovo, e o porco, que é quen dá o beicon; pero o porco non colabora, o porco se implica; por iso a distinta importancia que teñen a galiña e o porco: un colabora e o outro se implica; e neste momento teño que agradecer a valentía de Sr. Rafael Lores, como portavoz do grupo socialista, en relación con este documento, porque non lle temblou o pulso, traballou durante todo este tempo e agora é consecuente coa decisión que se vai a tomar. Gustaríame neste día darlle agradecementos a todo o mundo, pero desgraciadamente non podo facelo; si teño que expresarllo a todos aqueles que de verdade quixeron que o PEPCHAB fora o mellor documento posible e que hoxe vamos a aprobar; e que cada un despois poda dicir o que queira, que si o Patrimonio, que A Lama, que o Parlamento, todo o que queiran, pero vamos a aprobar este documento porque confiamos na xente que traballa, na xente que está implicada, e por iso creo que este documento é importante; e poderá mellorarse, efectivamente todo é mellorable, hai moitos Plans Xerais que teñen moitas modificacións puntuais, pero iso non significa que fora malo o documento senón simplemente que os políticos que seguen colaborando melloran os documentos establecidos, e penso que iso é bo. Para min é un día importante, un día para celebrar un proxecto de moita xente, de moita xente que os 8 meses que espera para cambiar simplemente unha tella porque lle entra auga e que nos piden que por favor axilicemos todo isto; hai que pensar en todos eles, e as veces dende Pontevedra non se sabe o que é Baiona, se confunde a Fonte de Ceta coa Casa de Ceta, e o tellado dunha vivenda da Laxe pois non ten a importancia que ten a rehabilitación dun edificio no casco histórico de Pontevedra; esas son as grandes diferencias e o que temos que cambiar entre todos. Por todo isto, grazas de todas formas a todos, grazas polo traballo; creo que o que podamos mellorar nos próximos meses ou anos estará implicada tódala Corporación, e me gustaría que como pouco esa próxima Corporación fora traballadora e constructiva como é a actual. Moitas grazas a todos, e por suposto ó meu equipo de goberno que ten que aguantarme moitas veces; que o que fan é traballo, traballo, e traballo. “
